

SAÚDE NO EL MUNDIAL E TAMÉN NO TRABALLO

O pasado día 18, a Doutora Araceli Morato, responsable da Área de Medicina do Traballo, publicaba na súa tribuna un artigo sobre o "mundial de fútbol e saúde", previo ao partido clave que España xogaba contra Chile.

Neste artigo, a nosa compañeira analizaba a transcendencia cultural, económica e deportiva do evento, pero tamén resaltaba a importancia que tiña para a saúde, citando diversos estudos, que demostraban a posibilidade de sufrir unha crise hipertensiva ou mesmo un infarto.

Dende **CCOO**, compartimos plenamente a análise, diagnóstico e recomendacións da doutora Morato ante este evento deportivo que, de non tomar as medidas preventivas necesarias, puidesen afectar á nosa saúde no noso tempo de ocio.

Non obstante, lamentamos que se fagan este tipo de publicacións, como consecuencia da celebración dun mundial de fútbol -cada catro anos-, e non se faga a mesma valoración e publicación, considerando os riscos continuos sobre a saúde que leva consigo a nosa actividade no posto de traballo, que se dan durante os 365 días do ano, como son os seguintes:



O **Estrés** (obxectivos irrealizables...), a **Violencia** (atracos, clientes insatisfeitos, ocupación de oficinas...), o **Acoso Laboral** (persoas opresoras...), a **Inseguridade contractual** (ameaza de cambio en posto/función, non cobrar incentivos, expedientes disciplinarios...), o **Desgaste Profesional ou "burn out"** (falta de comunicación, de recoñecemento...), ou o **Conflicto Conciliación Familia-Traballo** (prolongación xornada, traslados, afastamento do domicilio familiar...), forman parte da nosa realidade diaria, e son riscos identificados e orixinados por unha organización

deficiente do traballo e unha ambición desmedida polos resultados, a custa da plantilla. **Todo isto tamén pode provocar crise hipertensiva e infartos, ademais doutras patoloxías.**

BBVA debe previr "todas" as patoloxías que afecten ao seu equipo, seguindo as recomendacións das Sociedades Científicas e das Normas Laborais, en especial a Lei de Prevención de Riscos Laborais. Nesta liña, **CCOO** xa publicamos unha circular o pasado día 6 de Xuño sobre saúde laboral: ["Riscos Psicosociais: BBVA non cumpre"](#), da que che recomendamos a súa relectura.

Dende **CCOO**, pedimos á nosa compañeira a Doutora Morato que emita unha serie de **recomendacións**, dirixidas ás DTs, a departamentos de RRHH e aos servizos de Prevención de Riscos Laborais, para evitar os riscos psicosociais que se dan no desempeño do noso traballo diario. E a BBVA **esiximos a negociación dun Protocolo de avaliación destes riscos, e a aplicación das medidas correctoras necesarias**, para impedir que o traballo prexudique seriamente a nosa saúde.

CCOO, o teu Sindicato útil e eficaz.

Xuño 2014.